

## FEIRA DOS PRODUTOS APÍCOLAS

**16 de setembro de 2018 - Allariz**

De 11 h. a 19 h. na Praza Maior e Praza de Abaixo (en caso de choiva Patio do Museo de Coiro e Praza de Abastos)

A Feira dos Produtos Apícolas, organizada pola EGA Escola Galega de Apicultura, AGA, Concello de Allariz e Fundación Ramón Gonzalez Ferreiro, contará con preto de 30 expositores de produtos e material apícola de Galicia, León e Portugal, que amosarán un cento de produtos da colmea, dende meles de diferentes tipos, cosmética, bebidas ou masaxes de mel.

Durante a feira desenvolverase un completo programa de actividades para todos os públicos, co obxectivo de divulgar as propiedades e beneficios dos produtos da colmea. Os abelleiros e abelleiras terán a oportunidade de coñecer novidades en material apícola da man de varias empresas, novos tratamentos contra a varroa, resolver dúbidas sobre a *Vespa velutina* ou informarse sobre como mellorar a saúde das colmeas.

### Programa:

#### **Exposición e venda de produtos e material apícola**

Ver listado de expositores na seguinte páxina

#### **Concurso "O mellor expositor" e sorteo de cestas de produtos apícolas**

O público visitante poderá votar ó mellor expositor en función da imaxe, calidade, variedade dos produtos, etc. O premio para o posto gañador será unha cesta de produtos de Allariz e o público poderá participar tamén nun sorteo de varias cestas de produtos apícolas. Entrega do premio e sorteo ás 18.30 h na Paneira (Praza Maior).

#### **Consultorios** (Durante todo o día)

- 1. Apiterapia e masaxes con mel.** Por José Castro, apiterapeuta
- 2. Usos e propiedades dos produtos apícolas.** Por Suso Asorey, biólogo e voceiro de AGA
- 3. Comercialización a través da cooperativa Erica Mel.** Por persoal de Erica Mel
- 4. Vespa velutina.** Por Fernando Cores e Eugenio Pichel, apicultores expertos
- 5. Sanidade apícola.** Por Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, veterinarios de AGA

#### **Demostracións** (Durante todo o día)

**Esmelga da Colmea do Rexo e degustación.** Por Benita Ferreiro, apicultora de Allariz

**Elaboración tradicional de candeas.** Por Damián e Diego Copena, investigadores do patrimonio apícola cereiro.

#### **Presentacións**

**Presentación do curso "Sanidade e manexo apícola" da Escola Galega de Apicultura.**

Ás 11 h. na Paneira (Praza Maior)

**Oxybee: novo tratamento contra a varroa.** Por Miguel Angel Rodríguez, Santamix Ibérica.

Ás 11.15 h. na Paneira (Praza Maior)

#### **Obradoiros e catas:**

**Infantil.** Por Francisca Álvarez e Luis Vaca, apicultores. Copiños de mel e candeas de cera. (Durante todo o día)

**Cata de meles de Galicia.** Por Beatriz Ríos, IXP Mel de Galicia. Ás 12 h. Na Paneira (Praza Maior)

**Xabóns con mel.** Por Mar Ramos, apicultora. Ás 16 h. Na Paneira (Praza Maior)

**Cata de bebidas de mel e obradoiro de hidromel.** Por Cerveza Castreña. Ás 17 h. Na Paneira (Praza Maior)

**Nota:** A participación nas actividades programadas na Paneira (Praza Maior) serán abertas ata cubrir o aforo dispoñible.

## FEIRA PRODUTOS APÍCOLAS - ALLARIZ 16 SETEMBRO 2018

### LISTADO EXPOSITORES

ALVAREZ TELO FRANCISCA - BECERREÁ	GAVILANES BLANCO XOSE - SAN CIBRÁN DAS VIÑAS
APÍCOLA REGUEIRA - CAMPO LAMEIRO	GOMEZ DOBARRIO CRISTINA - CASTRELO DO VAL
APÍCOLA RJ - XINZO DE LIMIA	GRANDE RODRIGUEZ JOSE BENITO E PIÑEIRO PEREZ MILAGROS - ALLARIZ
AGA E ESCOLA GALEGA DE APICULTURA - ARZÚA E ALLARIZ	HIFARMAX - PORTUGAL
BLANCO TOURIÑO MARUXA - CAMPO LAMEIRO	MARTINEZ MARTINEZ JOSE ANTONIO - OURENSE
BLAS GONZALEZ CLAUDIO - XINZO DE LIMIA	MORALES AÑEL MIGUEL - ALLARIZ
CALIER / HAYEDO - A CORUÑA	O MUNDO DO MEL - PORTUGAL
CERVEZA CASTREÑA / MIEL 28 LUNAS - O BIERZO	PRIETO RODRIGUEZ PEDRO MAGIN - A CORUÑA
CORES IGLESIAS FERNANDO - A POBRA DO CARAMIÑAL	RODRIGUEZ RAMOS MARCOS - ALLARIZ
DAIQUI - RAIRIZ DE VEIGA	SANTAMIX IBÉRICA / RUCAMANQUI - A CORUÑA
DIAZ SOUTO IVAN - VILALBA	SANVE / EUGENIO PICHEL - SANTA COMBA
ERICA MEL - ARZÚA	VARELA CALVELO LEONOR - SANTA COMBA
FERREIRO BOLAÑO BENITA - ALLARIZ	

### **CONSULTORIOS**

<p>APITERAPIA E MASAXES DE MEL Por José Castro, Apiterapia Center</p>	<p>VESPA VELUTINA Por Fernando Cores e Eugenio Pichel, apicultores</p>
<p>PRODUTOS APÍCOLAS, USOS E PROPIEDADES Por Suso Asorey, biólogo</p>	<p>SANIDADE APÍCOLA Por Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, veterinarios</p>

COMERCIALIZACIÓN PRODUTOS APÍCOLAS  
Por Erica Mel S.C.G.

#### ORGANIZAN:



#### COLABORAN:



# **CURSO "SANIDADE E MANEXO APÍCOLA"**

## **Escola Galega de Apicultura - Allariz (Ourense)**

**Datas:** 10, 11, 24 e 25 de novembro e 2 días en primavera para prácticas (pendente fixar)

**Horario:** sábado de 10 a 14 e de 15.30 a 18.30 h. e domingo de 10 a 14 h.

**Docentes:** Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, veterinarios de AGA; Suso Asorey, biólogo e voceiro de AGA; Pajuelo Consultores Apícolas, empresa apícola de Castellón; Apilarouco, apicultores de Cualedro; José M<sup>a</sup> Bello, delegado DAGA Morrazo; Perfecto García, apicultor da Limia

### **Inscripcións:**

Prezo: 40 € socios/as de AGA, 100 € para o resto

Inscripcións: Cubrir a ficha de inscrición que se adxunta e enviar xunto co xustificante de pagamento a AGA

Data límite: 31 de outubro

Posibilidade de solicitar aloxamento e xantar na Fundación Ramón González Ferreiro (consultar)

### **Programa:**

## **10 novembro: A saúde das abellas e o medio ambiente. Enfermidades, diagnóstico e tratamento.**

### **Sesión de mañán**

A saúde das abellas e o medio ambiente. Por Suso Asorey, biólogo e voceiro de AGA

Enfermidades. Definición e causas

Enfermidades da cría e das abellas adultas

Intoxicacións

### **Sesión de tarde**

Varroa e outros artrópodos.

Tratamentos en ecolóxico para controlar a varroa. Por Perfecto García, apicultor da Limia

## **11 novembro: Vespa Velutina, despoboamento e outros factores**

### **Sesión de mañán**

Vespa velutina e pragas das abellas

Experiencias na loita contra a Vespa velutina. Por José M<sup>a</sup> Bello, delegado AGA Morrazo

Despoboamento das colmeas (Síndrome de despoboamento)

Pesticidas e outros (fame, frío, calor, outros depredadores)

## **24 novembro: Raíñas. Manexo. Lexislación**

### **Sesión de mañán**

Reposición e cría de raíñas. Por Apilarouco, apicultores de Cualedro

Patoloxía en raíñas

### **Sesión de tarde**

Manexo. Prevención. Invernada

Lexislación en sanidade apícola

## **25 novembro: Alimentación das abellas**

### **Sesión de mañán**

Alimentación das abellas. Por Pajuelo Consultores Apícolas

## DAGA SALNÉS E FEIRA DOS PRODUTOS APÍCOLAS

Este verán creouse unha nova delegación de AGA no Salnés. M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez López foi escollida como delegada, que estará acompañada no equipo directivo da delegación por Rodrigo Pazos Castro, José M<sup>a</sup> Fernández Martínez e José Padín Abal. Animamos ós socios e socias da comarca a participar no desenvolvemento desta nova delegación de AGA.

A primeira actividade que organiza a DAGA Salnés será a I Feira dos Produtos Apícolas do Salnés, na Praza da Peixería en Vilagarcía de Arousa, os días 12, 13 e 14 de outubro de 11h a 14h e de 16.30h a 20.00h. A participación na feira como expositor/a é de balde. Todos aqueles que estedes interesados en participar como expositores, enviade un email á delegación indicando os vosos datos e os días en que queirades asistir, antes do 15 de setembro.

Durante a feira haberá charlas sobre apicultura, postos informativos, exposición e venda de material apícola, obradoiros de cosmética apícola, showcooking de cociña con mel e moitas máis cousas. O programa completo será publicado na web de AGA.

Contacto e inscricións: M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Tel. 637 323 904 e email [dagasalnes@gmail.com](mailto:dagasalnes@gmail.com).

## CONTROL DA VELUTINA

Parece que este ano hai menos velutina ca anos anteriores, ou virá máis tarde, pero de todos os xeitos convén estar atentos. Os abelleiros e abelleiras podemos protexer as nosas colmeas coas arpas eléctricas que amosaron xa a súa eficacia ou tamén podemos usar trampas para capturar as obreiras velutinas.

No segundo caso, propoñemos usar un novo atrainte, barato e eficaz, que consiste en mesturar nesta proporción: 5 litros de auga con 1 quilo de azucre e 50 grms de levadura de pan que podemos mercar nunha panadería. Quentamos un pouco a auga para disolver ben o azucre e a levadura, a continuación repartimos o preparado en distintas trampas (botes de cristal sen tapa, caldeiros de plástico abertos...). As trampas de primavera non as usamos porque son moi pequenas. Podemos usar tamén a trampa francesa (caixa de madeira con escape para outros insectos) resulta moi selectiva, xa está a venda nalgunha casa comercial. A partires de mediados de setembro é boa práctica cortar excludores de plástico en tiras e colocalos na piquera para que poidan entrar e saír as abellas pero non pidan entrar as velutinas.

Estamos preparando uns vídeos con información práctica sobre a loita contra a Vespa velutina. O primeiro sairá durante o mes de setembro, sobre as ferramentas que temos a disposición neste momento para reducir os efectos dos ataques do tártago asiático.

## ENTREGA DE MEL NA COOPERATIVA

Os socios e socias de Erica Mel poden xa entregar o mel na cooperativa. Para iso, lembramos que hai que solicitar o volante de circulación e as etiquetas a Mel de Galicia e chamar á cooperativa para confirmar a data de entrega. Agradecemos que se faga canto antes xa que a cooperativa ten agora mesmo necesidade de produto para atender a demanda.

## MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) / Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)